



DATOS IDENTIFICATIVOS

Saúde, dependencia e vulnerabilidade

Materia	Saúde, dependencia e vulnerabilidade			
Código	005G220V01405			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Vázquez Vázquez, Miguel Ángel Vázquez Pérez, Raquel			
Profesorado	Vázquez Pérez, Raquel Vázquez Vázquez, Miguel Ángel			
Correo-e	raquel.vazquez.perez@uvigo.es mvazquezv@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é clave dentro da titulación e servirá para fundamentar os coñecementos básicos en torno á saúde, a dependencia e a vulnerabilidade da persoa.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
C4	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados

- C5 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C7 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, cuidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C12 Diseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
- C13 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- C14 Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C18 Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdoos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C20 Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
- C21 Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C24 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- D1 Capacidade de análise e síntese
- D2 Capacidade de organización e planificación
- D3 Capacidade reflexiva
- D8 Capacidade de xestión da información
- D10 Toma de decisións
- D12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- D14 Habilidades nas relacións interpersoais
- D15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- D19 Adaptación a novas situacións
- D23 Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1.-Coñecer e comprender os conceptos de saúde e enfermidade e os seus factores determinantes.	A3	B1	C2	D1
Aproximarse ao concepto de Atención sociosanitaria e vulnerabilidade.	A5	B2	C12	D3
			C14	D8
			C19	D10
			C20	

2.-Coñecer e comprender a situación sociosanitaria das persoas sobre o binomio saúde-enfermidade e a intervención social no ámbito sanitario e sociosanitario.	A1	B1	C1	D1
	A2	B2	C6	D3
	A3	B5	C7	D8
		B6	C15	D12
			C17	D14
			C18	D15
			C21	
			C22	
3.-Identificar e valorar as necesidades sociais vinculadas aos problemas de saúde e a súa repercusión na vida das persoas afectadas e comunidades afectadas e as estratexias de atención e apoio pertinentes a cada situación.	A4	B1	C1	D1
		B2	C5	D2
		B3	C13	D8
		B4		D14
				D19
				D23
4.-Recoñecer as características dos problemas de saúde, vulnerabilidade e dependencia que dan lugar a necesidades específicas de atención e apoio social, con especial referencia á cronicidade, á diversidade funcional, á dependencia, aos problemas de saúde mental e ás adiccións.	A3	B1	C3	D1
		B2	C4	D2
		B4	C8	D3
			C15	D8
			C23	D12
			C24	D14
				D15

Contidos

Tema	
1. Conceptos relacionados con saúde. Determinantes da saúde e a enfermidade. Atención sociosanitaria e cronicidade.	1.1, Concepto de saúde e enfermidade. 1.2 Conceptos vinculados á diversidade funcional, a dependencia, a discapacidade, a deficiencia e a minusvalía. 1.3 Clasificación internacional das enfermidades: a CIE ou ICD e o DSM-5. A CIF. 1.4 Os determinantes sociais da saúde e a enfermidade 1.5. Atención sociosanitaria. Estratexias de atención á cronicidade.
2. Relacións entre a saúde e a situación social das persoas, xénero, cultura, status social, idade e o curso vital. Binomio saúde-enfermidade e intervención social en ámbito sanitario.	2.1 Vulnerabilidade social. Fraxilidade e cronicidade. 2.2 Dependencia. Situación actual. Niveis e Recursos de atención. 2.3 O Sistema de atención a dependencia (SAAD) no estado (IMSERSO) e o Sistema de atención a dependencia en Galicia. 1.4. Bioética en atención sociosanitaria
3. Necesidades sociais vinculadas aos problemas de saúde e a súa repercusión na vida das persoas e comunidades afectadas. Estratexias de atención e apoio.	3.1 Marco legal básico en saúde en Galicia e en España. 3.2 Entidades xestoras de saúde e atención sociosanitaria. A Seguridade Social e o Sistema nacional de Saúde- Sistemas autonómicos. Areas de saúde en Galicia. 3.3 Problemáticas específicas nos diferentes grupos etarios. 3.4 Papel do traballador social en ámbitos sanitarios
4. Características dos problemas de saúde que dan lugar a necesidades de atención e apoio sociais: diversidade funcional, situacións de dependencia, saúde mental, adiccións e outros.	4.1 Concepto de síndrome como causa de problemas de saúde. Características da intervención sociosanitaria. 4.2 Síndromes físicas máis comúns como causa de dependencia sociosanitaria 4.3 As síndrome sensoriais como causa de dependencia sociosanitaria 4.3 Síndromes neurolóxicos e mentais como causa de dependencia sociosanitaria 4.4 Os trastornos neurocognitivos (antigas demencias) no DSM-5. Abordaxe social e sociosanitaria. 4.5 As adiccións en saúde.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	25.5	25.5	51
Estudo de casos	0	33.5	33.5
Seminario	22.5	29	51.5
Exame de preguntas obxectivas	1	12	13

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Presentación da materia: como desenvolveremos a materia ao longo do curso.

Lección maxistral	Exposición xeral por parte do profesorado dos contidos da materia.
Estudo de casos	Realización de casos prácticos relacionados que os contidos teóricos da materia.
Seminario	Empregaranse como complemento das sesións maxistrais. Consistirán na lectura previa de textos e documentos e a realización de Traballos individuais para ser debatidos e expostos nas sesións. Tamén se realizarán análise e resolución de exercicios/traballos prácticos que garantan a integración de coñecementos e habilidades teórico-prácticos da materia. Si se considera oportuno para o desenvolvemento dalgunha cuestión concreta achegaranse expertos na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tutorías grupais e individuais para a orientación e complementación do estudo dos temas expostos
Seminario	Os traballos serán apoiados mediante tutorías (precisará polo menos unha tutoría tanto para Alumnado presencial como no presencial e previa concertación de día e hora), para a avaliación e orientación da aprendizaxe das competencias en cada caso.
Estudo de casos	Orientación persoal a demanda para apoio bibliográfico e documental, ou de busca de recursos na literatura científica.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Entrega de casos prácticos e traballos individuais en tempo e forma relacionados cós contidos teóricos e prácticos da materia.	40	A2 A3 A4 A5	B2	C2 C3 C6 C12 C14 C17 C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24	D1 D2 D3 D8 D10 D14 D15 D19 D23
Seminario	O alumnado para garantir o desenvolvemento da materia deberá traer realizadas as tarefas encomendadas para cada sesión do seminario (esquema das lecturas e/ou resolución de exercicios así como a súa exposición cando lles corresponda). Só poderá ser avaliado positivamente neste apartado si cumpre coas tarefas solicitadas de forma correcta (en tempo e forma).	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C2 C3 C4 C5 C7 C8 C13 C15 C23 C24	D1 D2 D3 D8 D12 D14 D15 D19 D23
Exame de preguntas obxectivas	Examen tipo test de resposta única sobre caso practico, aprendizaxe e competencias teóricas.	40	A5	B1 B2 B3 B4	C3 C15	D1 D3 D8 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder superar a materia deberán aprobarse previamente e de forma independente cada unha das probas previstas no apartado de avaliación. En todo caso, o alumnado non poderá ser avaliado se non presenta en tempo e forma en tarefas encomendadas.

Advírtese o alumnado que non se gardará ningunha nota para o curso seguinte, este aspecto rixe tanto para o alumnado asistencial como non asistencial.

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

1.-AVALIACIÓN CONTINUA: será considerado como tal aquel que teña unha asistencia mínima do 80% ás sesións maxistrais, un 80% aos seminarios e demais actividades de aula, e realice e supere os traballos encomendados ao longo do curso. En caso de non cumprir con este requisito serán avaliados como alumnado non asistencial. As modalidades así como a puntuación é a que está establecida nas metodoloxías de avaliación.

Lembrar que só se poderá aprobar a materia, cando se obteña un aprobado en cada unha das metodoloxías de forma independente.

2.-AVALIACIÓN GLOBAL: aquel alumnado que non cumpra os requisitos mínimos de asistencia ás clases (sesións maxistras e seminarios) ou non realice os traballos encomendados en tempo e forma. O alumnado que desexa ser NON asistencial ten que notificalo por correo electrónico o/a Profesor.

Este alumnado será avaliado:

a.-Examen final na convocatoria oficial tipo test (igual formato e sistema de corrección que para os asistentes). Este examen versará sobre os contidos teóricos das sesións maxistras e seminarios.

b.-Entrega de cada Traballo de Seminario ou Estudo de casos que se solicite ao longo do Curso, no mesmo prazo que o que se sinala para o Alumnado de avaliación continua.

Nota: O seguemento continuo das actividades de aula e a comunicación co alumnado relacionado coas tarefas, realizarase a traveso da Plataforma Docente da Universidade (Moovi).

SEGUNDA CONVOCATORIA

□As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas neste curso académico□.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade, no espazo específico.

-En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Querejeta Gonzalez, M., **DISCAPACIDAD/ DEPENDENCIA unificación de criterios de valoración y clasificación**, 1 ED, IMSERSO, 2004

Bautista Castaño, I, **Salud pública y trabajo social**, 1 Ed, Servicio de Publicaciones y Difusión Científica de, 2009

Martín Álvarez, J. P. y Hidalgo Lavié, A., **Salud pública, dependencia y Trabajo Social**, 1, Dykinson, 2012

Castañeda García, P., **Vejez, Dependencia y Salud**, 1 Ed, Sociedad Española de Geriatria y gerontología, 2013

Hidalgo Lavie, A., **TRABAJO SOCIAL SOCIO-SANITARIO: CLAVES DE SALUD PUBLICA, DEPENDENCIA Y TRABAJO SOCIAL**, Sanz y Torres, 2019

VVAA, **Trabajo Social y Salud**, Asociación Trabajo Social y Salud, 2020

VVAA, **Health & Social Work**, NASW Press. Oxford Academic, 2020

Jiménez, J.M. y Munuera, P., **Fundamentos del trabajo social sanitario: análisis de su recorrido histórico hasta la actual pandemia**., Editorial Tirant lo Blanch., 2021

Bibliografía Complementaria

Caballer, V., **Valoracion de la dependencia**, Madrid. Editorial Pirámide, 2007

Martín-Palomo, M. T., **Autonomía, dependencia y vulnerabilidad en la construcción de la ciudadanía**, ZERBITZUAN 48. Abendua, 2010

ABELLÁN GARCÍA, Antonio; HIDALGO CHECA, Rosa Mª., (2011). **Definiciones de discapacidad en España**., 12 Ed, CSIC, 2011

Amor Pan, J. R., **Bioética y dependencia**, Fundación Caixagalicia, 2013

American Psychiatric Association, **DSM-5 Manual diagnóstico y estadístico de trastornos mentales**, 1ED, Editorial Medica panamericana, 5 Edición 2014

OMS, **Informe Mundial sobre Envejecimiento y salud**, 1, OMS, 2015

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ética e traballo social/O05G220V01502

Xeriatría para traballadores/as sociais/O05G220V01910

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

Política social/O05G220V01404

Servizos sociais especializados II/O05G220V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural/O05G220V01101

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Outros comentarios

1.-Traballar e estudar de maneira continuada mellora notablemente a superación da materia, xa que os contidos requiren asentarse de forma continúa.

2.-Levar o día as actividades planificadas para cada seminario e/ou grupo pequeno. 3.-Expor todas as dúbidas sobre calquera aspecto da materia ao profesorado, tanto na aula como nas titorías de despacho (para outros aspectos relacionados coa materia ou para afondar en dúbidas que por cuestión de tempo non sexa posible facelo na aula).

-Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
